

BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

Nº 21- setembro de 2018

CONTIDO

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS	2
CURSOS.....	2
CONVOCATORIAS.....	4
CONGRESOS.....	4
AXENDA	5

Contacto: igualdade01@uvigo.es

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

CURSOS

UNED. Posgrado en Igualdade e Xénero. Formación de Axentes de Igualdade. (2018/2019)

Este curso ten como obxectivo principal permitir ao alumnado adquirir os coñecementos necesarios para se formar como “Axentes de Igualdade”. A estrutura modular permite ao estudantado seleccionar a formación que sea do seu interese (por exemplo, sobre igualdade e ensinanza ou sobre avaliación do impacto de xénero) [+INFO](#)

Malos Tratos e Violencia de Xénero. Unha Visión Multidisciplinar (Plan 2014)

O curso ten como obxectivo capacitar ao alumnado proporcionándolles un coñecemento sobre a violencia de xénero, dándolles as claves necesarias para identificar as situación nas que se produce. Realizada esta achega ao tema, estúdanse as medidas de protección e rehabilitación das vítimas e, por último, os instrumentos necesarios para a súa prevención. [+INFO](#)

Encontro Nacional de Mulleres. Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo

Residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán) durante os días 14, 15 e 16 de setembro de 2018. Dende hai anos vimos realizando xornadas que nos dan a posibilidade de manernos en contacto co resto de organizacións de mulleres de toda Galicia, fortalecernos e abrir novos camiños de colaboración, tan necesarios neste momento. [+INFO](#)

Instituto de Formación en Intervención Social (IFIS)

Posgrao: **Violencia de Xénero: Prevención, Detección e Atención**

Este programa nace da experiencia na realización de proxectos formativos destinados a profesionais dos servizos sociais que a “Fundación para la Convivencia Aspacia” imparte dende fai case una década, relacionados coa Prevención da Violencia de Xénero e Atención ás vítimas que realizamos para entidades, tanto públicas coma privadas. [+INFO](#)

Feminicidio.net Cursos *on line*:

Pornografía hexemónica: ¿unha escola de violencia sexual?

Primera edición: 24 de setembro de 2018

Neste curso estudarase a pornografía hexemónica como elemento socializador no contexto da nosa sociedade actual e analizaremos cómo colabora na construción do desexo sexual masculino hexemónico, un desexo co que obter placer sexual e exercer violencia contra as mulleres son dúas cousas compatibles. [+INFO](#)

A trata de persoas: unha visión xurídico-política

Próxima edición: 1 de outubro de 2018

Nos últimos anos téñense aprobado no plano internacional, rexional e nacional normas e políticas públicas dirixidas especificamente a erradicar a trata de seres humanos e a garantir os dereitos das súas vítimas. Sen embargo, as cifras mostran a prevalencia deste crime contra a humanidade e que as ferramentas utilizadas son insuficientes para detectar e atender adecuadamente as vítimas, maioritariamente mulleres e nenas, sometidas a explotación sexual. [+INFO](#)

Homes, pornografía e prostitución.

Próxima edición: 22 de outubro de 2018

Este curso tratará do factor determinante e sen embargo, sistematicamente invisibilizado, da prostitución e da trata: a demanda masculina. Estudaremos o papel que xoga nela unha cultura pornográfica omnipresente e de forte carga misóxina que, ademais de promover esa demanda, determina as súas prácticas e secuestra a nosa maneira de pensar a sexualidade e as relacións. [+INFO](#)

CONVOCATORIAS

II Edición do Programa de Becas Talento Muller.

Entre xuño e outubro de 2018, estará aberto o prazo de presentación de candidaturas para a II Edición do Programa de Becas Talento Muller do Banco Santander, que concede 25 axudas económicas a mulleres para a realización de másters e posgraos de materias no ámbito STEM (ciencias, tecnoloxía, inxeñaría, matemáticas) e a realización de prácticas formativas no Banco Santander. O obxectivo do programa é fomentar de xeito activo, o desenvolvemento do talento feminino e facilitar a súa incorporación ao mercado laboral.

[+INFO](#)

Becas de Formación no Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller

Prazo de presentación: 16 de agosto a 5 de setembro.

Convocatoria de catro bolsas de formación no “Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller” para o período 2018-2019. Obxectivo: contribuir á formación de persoas físicas en materias dirixidas a favorecer a Igualdade de trato e a erradicación das distintas formas de violencia contra as mulleres. [+INFO](#)

CONGRESOS

Novembro Feminista: III Xornadas de Investigadorxs Feministas na UCM

22 e 23 de Novembro de 2018

O obxectivo das xornadas é continuar sendo un punto de encontro para as máis variadas investigacións feministas e de xénero e continuar avanzando na senda da xustiza social e da despatriarcalización da sociedade. [+INFO](#)

AXENDA

“Ellas y el tejido social”, Unha exposición colectiva de “Blanco, Negro y Magenta”.

O Museo de Arte Contemporáneo Florencio de la Fuente de Huete (Cuenca) acollerá dende setembro ate novembro de 2018 unha exposición colectiva organizada pola “Asociación Blanco, Negro y Magenta”, que reunirá a obra de numerosas artistas en torno ao título: ‘Ellas y el tejido social’. Entre as participantes seleccionadas e artistas invitadas atópanse socias de MAV como Rebeka Elizegui, Aline P. Art, María Ortega, Nieves Correa o Paula Noya. Ademais estará presente a obra de Antonia Valero. [+INFO](#)

Exposición “Rompe. Xoga en igualdade”

Dende o 2 de agosto de 2018 ata 21 setembro de 2018 no Salón de Plenos do Concello de Nigrán. Esta mostra reivindica a igualdade entre homes e mulleres e a concienciación social visualizando a posición de asimetría e discriminación da muller nas distintas sociedades, xerme da violencia machista. Nesta exposición de poesía visual, o obxecto fala por sí mesmo precisando apenas un texto explicativo. [+INFO](#)